

PROXECTO LINGÜÍSTICO  
DO CENTRO  
2021 – 2025

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA  
CEIP MESTRE MARTÍNEZ ALONSO

# ÍNDICE DO PROXECTO

1. INTRODUCCIÓN
2. ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN
3. ANÁLISE DA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA
4. OBXECTIVOS
5. ACTIVIDADES
6. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON DOMINE NINGUNHA DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS
7. AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO
8. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
9. ADENDA ANUAL:
  - ❖ RESULTADO DA ENQUISA ÁS FAMILIAS E AO ALUMNADO
  - ❖ MEMORIA DO PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DO CURSO 2021-22
  - ❖ PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DO CURSO 2021-22

# 1. INTRODUCCIÓN

Os centros educativos son unha das axencias principais de produción e reprodución lingüística. Dado o papel central na selección, transmisión e extensión dos saberes, o mundo escolar ten unha notoria transcendencia no conxunto da sociedade. Por iso, un centro educativo comprometido coa diversidade lingüística, en xeral, e coa dinamización e valoración do galego, en particular, pode actuar como elemento que vertebra os intereses sociais dos grupos lingüísticos.

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Este curso 2021-22 revisase o Proxecto Lingüístico, en base ao Decreto 79/2010, do 20 de maio. Este traballo foi realizado pola dirección e o Equipo de Dinamización da Lingua galega.

Segundo o artigo 15º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, constitúese no C.E.I.P. MESTRE MARTÍNEZ ALONSO o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, quedando integrado polos seguintes compoñentes, tal e como se reflicte na acta do día 3 de setembro :

- Yolanda Fontán Fernández
- María Velasco Souto
- Celso Soto Alján
- Sandra Pereira Cabaleiro
- Candela Gil Varela (coordinadora)

A matrícula para este curso académico, 2021-2022, é de 275 alumnos/as e distribúense do seguinte xeito:

Cinco aulas para educación infantil e nove para educación primaria.

En canto ás dependencias coas que contamos, temos unha aula pequena de usos múltiples reconvertida en aula COVID, unha biblioteca, unha aula de música, un aula de inglés, dúas de PT, unha de AL, unha de Relixión/Valores, un aula de informática, unha de psicomotricidade infantil, un ximnasio, un comedor e varios patios.

As nosas actividades levaranse a cabo nas aulas, no patio, no comedor, no ximnasio e nos espazos comúns.

### **Localización do centro**

O C.E.I.P Mestre Martínez Alonso está situado no barrio do Castro, na parroquia de Mos, concello de Mos, próximo á estrada que une Porriño e Redondela. Aínda que é unha zona rural, xa que o concello de Mos non posúe núcleo urbano, o certo é que a proximidade de zonas urbanas coma Porriño, Redondela e Vigo exercen unha notable influencia nos habitantes de Mos. Isto tamén afecta de forma decisiva no plurilingüismo existente na zona, sendo predominante o uso do castelán con respecto ao galego.

O centro escolariza a alumnado de Educación Infantil e Primaria

Polo que se refire ao nivel cultural, este poderíase clasificar como medio, apreciándose deficiencias importantes a nivel lingüístico: pobreza léxica en ámbalas dúas linguas, dificultades de comprensión e expresión oral e escrita, falta de interese pola lectura dentro do ámbito familiar.

Apréciase de xeito significativo unha situación de diglosia nas familias, que é transmitida directamente ao alumnado, desfavorecendo o emprego e fomento da lingua galega.

Un dos obxectivos presentes neste Proxecto é o progreso do alumnado nas catro destrezas básicas e instrumentais da lingua: escoitar, ler, falar e escribir. Tendo estas destrezas presentes debemos potenciar o interese dos alumnos pola nosa cultura e pola nosa lingua, de xeito que o profesorado deste Centro ten unha importante tarefa en canto a que:

-Proporcionará toda aquela información que considere necesaria para a motivación do alumnado cara ao galego.

-Promoverá o traballo en equipo tanto nas aulas como con niveis do seu propio ciclo ou doutros do Centro.

- Fomentará o traballo cooperativo entre o grupo de alumnos da súa clase por medio do diálogo para facilitara integración de todos aqueles que descoñezan a lingua galega.

Dende o centro educativo en xeral, e desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, considérase imprescindible motivar e concienciar á comunidade educativa cara ao uso do noso idioma co fin de vencer os prexuízos existentes e crear actitudes favorables cara ao uso do galego.

## **2. ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN**

O Equipo de Dinamización da Lingua galega propónse traballar de xeito sistemático e continuado para promover, incrementar e consolidar o uso do galego como lingua habitual de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente...). Así mesmo tentarase que o alumnado do centro recupere tradicións que forman parte da bagaxe etnográfica e da súa contorna máis inmediata, xa que consideramos que a debilidade da lingua non pode ser analizada e xustificada de maneira illada, senón que hai que incluíla dentro do grupo de manifestacións culturais (arquitectura, xogos populares, música tradicional...) que tamén sofren esa debilidade.

A nosa estratexia buscará apoiarse nas posibilidades didácticas que ofrece a propia contorna do Concello e, mesmo, do resto da comarca; e a nosa actuación basearase na explotación didáctica das diferentes festas que forman parte da tradición -como medio para recuperar a esencia do noso pobo-, nas distintas celebracións e conmemoracións escolares e, como non, en calquera situación comunicativa dos nosos tempos como pode ser o uso do correo electrónico, blog de dinamización, blog da biblioteca, blog de infantil, páxina web, traballo escolar con ordenadores..., para que sexan conscientes de que esta tendencia idiomática non se circunscribe soamente ao centro, senón que, pola contra, o uso do galego é algo xeralmente instaurado. Con estas medidas tentaremos conseguir que os nenos e nenas que teñen o castelán como

lingua usual acaden un grao de competencia plena nas dúas linguas definido polo bilingüismo, e eliminando deste xeito calquera vestixio de presión social diglósica.

#### *Actuacións dinamizadoras para potenciar o uso da lingua galega*

- Serán accións destinadas ao uso da lingua galega de xeito oral e escrito. Estarán destinadas a dar visibilidade ao galego tanto dentro como fóra das aulas e a conformación de actitudes positivas cara ao idioma.
- Serán accións que aseguren o uso da lingua galega nos aspectos visuais e documentais do centro así como na páxina web e diferentes blogs do centro.
- Accións así mesmo que aseguren o uso do galego nas diferentes comunicacións do centro coas familias.
- Accións tamén que aseguren o uso da lingua galega na documentación administrativa e pedagóxica do centro.
- Accións que motiven ao uso da lingua galega nas comunicacións orais coas familias, persoal non docente, etc.
- E finalmente serán accións destinadas a usar a lingua galega naqueles actos que organice o centro e impulsar o uso da lingua galega no uso das tecnoloxías da información.

### **3. ANÁLISE DA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA**


Para determinar a situación lingüística do centro, durante o curso 2021-22, o Equipo de Dinamización, considerou pertinente recoller información de toda a comunidade educativa (pais, nais e alumnado de primaria e claustro) a través dunhas enquisas, que servirá como referente na elaboración do Proxecto Lingüístico do centro cara os vindeiros catro anos.

A continuación incluímos os gráficos correspondentes ás enquisas realizadas ao alumnado do centro e ás súas familias.

#### **Resultado Enquisa Alumnado**


### En que lingua aprendiches a falar?

96 respostas




### En que lingua se fala habitualmente na túa casa?

97 respostas




### Que lingua usas habitualmente para comunicarte cos demais?

95 respostas



### Que linguas falas habitualmente na escola?


95 respostas



- Só castelán
- Predomina o castelán.
- Castelán e galego por igual
- Predomina o galego.
- Só en galego
- castelan e galego e ingles

### Expresa a túa opinión sobre esta afirmación: A adquisición de dúas ou mais linguas enriquece.


95 respostas



- Completamente en desacordo
- Bastante en desacordo.
- Indiferente
- Bastante de acordo
- Completamente de acordo

### Expresa a túa opinión sobre esta afirmación: Gustaríame recibir mais clases en galego.

97 respostas




- Completamente en desacordo.
- Bastante en desacordo
- Indiferente
- Bastante de acordo
- Completamente de acordo



Expresa a túa opinión sobre esta afirmación: O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.


95 respostas



- Completamente en desacordo.
- Bastante en desacordo
- Indiferente
- Bastante de acordo
- Completamente de acordo

Expresa a túa opinión sobre esta afirmación: As matemáticas pódense aprender en galego.


93 respostas



- Completamente en desacordo.
- Bastante en desacordo
- Indiferente
- Bastante de acordo
- Completamente de acordo

Expresa a túa opinión sobre esta afirmación: En Galicia debería usarse mais o galego.


95 respostas



- Completamente en desacordo.
- Bastante en desacordo
- Indiferente
- Bastante de acordo
- Completamente de acordo

Expresa a túa opinión sobre esta afirmación: En Galicia o galego é pouco útil.

96 respostas



## CONCLUSIÓNS

Despois de ter analizado os resultados obtidos nas enquisas pódese concluír os seguintes aspectos con respecto ao alumnado:


1. Aprenden a falar nas dúas linguas.
2. Na casa a lingua utilizada è o galego e o castelán por igual.
3. Fóra da casa predomina o uso do castelán.
4. Na escola, segundo a enquisa , fálase por igual o galego e castelán, pero a realidade é que a lingua vehicular que utilizan os alumnos é o castelán.
5. Considérase que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquecen.
6. A maioría de pais e alumnos estarían de acordo en recibir máis clases en galego como se reflicte na gráfica referente a lingua na que se podería impartir as matemáticas.
7. En canto a pregunta sobre os videoxogos o que lles interesa é o contido dos mesmos, non a lingua.
8. A maioría están de acordo en usar máis o galego e considéranlo útil.

Partindo de estas conclusións, a realidade que observamos no colexio é que os nenos seguen empregando o castelán como a lingua dominante. Polo tanto dende o EDLG cómpre seguir ofrecendo actividades atractivas e motivadoras para o desenvolvemento do uso da lingua galega, tanto a nivel escrito coma oral.

## Resultado Enquisa Familias


## NIVEL MÁIS ALTO DE ESTUDOS REMATADOS

103 respostas




## IDADE

103 respostas




## SITUACIÓN LABORAL

99 respostas




### En que lingua aprendeu a falar ?

104 respostas




### Que lingua utiliza maioritariamente na familia (cos seus fillos, cos seus irmáns, coa súa parella, país,...)?

104 respostas




### Que lingua utilizamaioritariamente cando están cos amigos?

104 respostas




Que lingua utiliza cando vai mercar, acode ao médico, vai ao banco .....?

104 respostas




Que lingua utiliza cando se dirixe a algún organismo / administración pública ?

104 respostas




Que lingua utiliza no traballo ?

100 respostas




### Estudou galego na escola ou no instituto ?

104 respostas




### Ten feito algún curso específico de Galego ?

103 respostas




### Valore o seu nivel de comprensión oral do Galego

104 respostas




### Valore canto le en Galego

104 respostas




### Valore o uso que vostede fai do Galego na fala

103 respostas




### Valore o uso que vostede fai do Galego na expresión escrita

104 respostas




### Valore a súa actitude cara á utilización do galego no ámbito educativo

104 respostas




### Valore con que frecuencia ve programas de TV en galego

104 respostas



### Valore con que frecuencia escoita a radio en galego


104 respostas





Valore con que frecuencia usa o Galego nas redes sociais (twitter, facebook, whatsapp.....)

103 respostas




Despois de ter analizado os resultados obtidos nas enquisas pódese concluír os seguintes aspectos con respecto ás familias:

1. Temos a impresión de que se mellorou na formación académica de pais e nais do noso centro.
2. A maioría dos pais/nais aprenderon a falar en castelán.
3. A lingua maioritaria para comunicarse coa familia é o castelán.
4. Esta situación repítese cando se trata de falar cos amigos/as.
5. O castelán é a lingua predominante nas relacións cos médicos, bancos...
6. Esta porcentaxe diminúe un pouco na relación coa administración pública.
7. Esta porcentaxe segue reducíndose tamén cando as relacións son no traballo.
8. Practicamente a totalidade das familias que responden á enquisa estudaron galego durante a súa formación académica.
9. Un quinto das familias realizaron un curso específico en lingua galega.
10. A capacidade de comprensión en lingua galega é moi boa.
11. A porcentaxe de lectura en galego por parte das familias é bastante baixo.
12. É destacable que o uso da lingua galega céntrase na fala, mentres que se reduce moitísimo o seu uso na escrita.
13. A inmensa maioría das familias considera positivo ou moi positivo o uso do galego no ámbito educativo.
14. Máis da metade das familias ven ou escoitan programas en lingua galega.
15. Máis da metade das familias non usa a lingua galega cando usa as redes sociais.

## Resultado enquisa profesorado


Que lingua utiliza na súa relación coa familia: parella, fillos/as...?

22 respostas




Que lingua utiliza maioritariamente cos seus amigos/as?

21 respostas




Que lingua utiliza maioritariamente cando vai mercar, ao médico, vai ao banco?

22 respostas




Que lingua utiliza cando se dirixe a algún organismo ou administración pública?

22 respostas




Que lingua utiliza cando conversa cos compañeiros/as na escola?

22 respostas




Que lingua utiliza para dirixirse ao alumando?

22 respostas




### Valore canto le en galego

22 respostas




### Valore o uso que fai do galego na súa expresión oral fora das súa obriga como docente nas horas establecidas para elo.

22 respostas




### Valore o uso que do galego na súa expresión escrita fora da súa obriga como docente nas horas establecidas para elo.

22 respostas




Valore a súa actitude cara ao uso do galego no ámbito educativo

22 respostas



Valore con que frecuencia usa a lingua galega nas súas redes sociais

22 respostas



Despois de ter analizado os gráficos podemos concluír o seguinte:

1. A maioría do profesorado do centro aprendeu a falar en castelán.
2. Mais da metade do profesorado utiliza a lingua galega ou ambas nas relacións cos membros da súa familia.
3. En cambio o porcentaxe de profesorado que usa o castelá nas relacións cos amigos/as é absolutamente maioritario (76%)
4. O castelán volve ser a lingua maioritaria nas relacións co comercio, bancos..
5. Esta porcentaxe redúcese nas relacións coa administración pública.
6. Case a metade do profesorado usa as dúas linguas nas relacións cos seus compañeiros/as.
7. Case o 75% do claustro usa ambas linguas para dirixirse ao alumnado.
8. Un 60% do claustro le pouco en lingua galega
9. Tres cuartas partes do claustro usa pouco a lingua galega na súa expresión oral fora das súas obrigas como docentes.
10. Esta porcentaxe aumenta aínda cando a pregunta refírese ao uso da lingua galega na expresión escrita fora das súas obrigas como docentes.

11. A valoración da presenza da lingua galega na escola é moi positiva por parte do claustro.
12. Un 40% do claustro non usa a lingua galega nunca ou case nunca no uso das redes sociais.

### **Conclusións xerais:**

Despois de ter analizado os resultados obtidos nestes sectores, cremos necesario seguir coa labor e coas actuacións que o E.D.L.G. do centro está a desenvolver nos últimos tempos, con actividades que se están perpetuando coma a “Semana Cultural” e o “Libro Viaxeiro”, ademais de aquelas outras actuacións que se desenvolven puntualmente. Só co tempo poderemos desterrar calquera vestixio de diglosia que puidera permanecer na nosa contorna, promovendo deste xeito o arraigamento da nosa lingua en todos os ámbitos lingüísticos, conseguindo así a equiparación do uso oral e o escrito, e en todos os eidos profesionais.

## **4. OBXECTIVOS**

Tendo en conta as nosas reflexións anteriores, consideramos necesario formular os seguintes obxectivos:

### **EN CANTO AO CENTRO E AO PROFESORADO**

- Diseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego para toda a comunidade educativa.
- Aumentar progresivamente o uso da lingua galega nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao centro.
- Fomentar a participación en campañas de animación á lectura programadas polo EDLG e pola Biblioteca.
- Utilizar os medios de información e comunicación como canle de promoción da lingua galega.
- Aumentar o uso da lingua galega nas relacións do Centro.
- Promover un uso maior do galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

- Promover un maior uso das novas tecnoloxías entre o profesorado.
- Tentar que o profesorado acadada plena competencia para desenvolver a súa labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Contar con actividades diarias permanentes en galego.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Manter informada a comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos...
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais, e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galega.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego
- Promover as festas tradicionais galegas.

## **EN CANTO AO ALUMNADO**

- Aumentar progresivamente o uso do galego mediante a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Estimular actitudes favorables cara ao uso do galego.
- Achegar a lingua ás familias do alumnado coidando forma e contido.
- Promover a oralidade.
- Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular dentro da aula de xeito coloquial.

## **CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

- Aumento progresivo do emprego do galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao Centro.
- Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na Comunidade Escolar para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos e inercias negativas.
- Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore galegos.

## **5. ACTIVIDADES**

Para acadar os obxectivos propostos, levaremos a cabo o seguinte programa de actividades por parte de toda a comunidade educativa.

### Do centro :

- ✓ Normalización da lingua galega en rótulos, carteis, comunicados, páxina web, blogs, impresos pedagóxicos e administrativos, correspondencia e todo tipo de documentos empregados no uso cotián da comunidade educativa.
- ✓ Aumento do fondo bibliográfico, audiovisual e informático para dotar as Bibliotecas de aula e os fondos de apoio aos mestres.

### Do alumnado:

- ✓ Decoración do centro con motivos relacionados con actividades colectivas: festas, celebracións... mediante a realización de murais, carteis, exposicións, etc.



- ✓ Participación nos actos, festas, celebracións... que se organicen para perpetuar as diferentes tradicións da nosa cultura ( Samaín, Magosto, Entroido, Letras Galegas,...), do mesmo xeito tentárase recuperar do esquecemento algunhas tales como aquelas relacionadas co ciclo agrario (traballos con cabazas, espigas, vendima, horta, ..., fomentaremos a reciclaxe na confección dos disfraces.
- ✓ Realización de traballos de investigación que permitan recoller os restos folclóricos e culturais que se manteñen nas súas familias: refráns, adiviñas, cantigas, xogos, contos, lendas, ditos,...
- ✓ Participación nas distintas actividades culturais/formativas (actuacións, certames, concursos... ) que se programen durante a "Semana Cultural", coma o Certame Literario.
- ✓ Participación nas actividades organizadas ou promovidas desde o Concello.
- ✓ Intercambio de cartas ou postais con outros colexios.
- ✓ Elaboración de debuxos para o calendario escolar.
- ✓ Dramatizacións de contos infantís, caracterizacións dos personaxes e acompañamento musical.
- ✓ Realización do Conto Viaxeiro.

#### Do claustro:

- ✓ Continuar coa confección da páxina web co traballo do **blog de dinamización**: <http://mestremartineznormalizacion.blogspot.com/>. Informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.
- ✓ Utilización de todos os recursos tecnolóxicos que o centro posúe.
- ✓ Deseño de traballos de recollida de información por parte dos alumnos e de nós mesmos.
- ✓ Revisión e sistematización das achegas dos alumnos nos seus traballos de investigación.

- ✓ Colaboración con outros equipos de traballo existentes no centro na planificación e organización dos actos, festas ou conmemoracións que se prevén ao longo do curso, como son: o Equipo da Biblioteca e o Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.
- ✓ Colaboración co Equipo da Biblioteca dentro da actividade "A mochila viaxeira", na inclusión de material en galego: lecturas, películas e organización e desenvolvemento do club de lectura en 6º de primaria.
- ✓ Actividade plurilingüe. Cantar cancións, contar contos, ver películas, facer libros de vocabulario... en francés, inglés, castelán, galego.
- ✓ Promoción de visitas a distintos lugares de interese de Mos programando algunha excursión anual.
- ✓ Visitas didácticas pola contorna do noso centro atendendo ao interese paisaxístico, artístico ,etnográfico,cultural,económico,etc.
- ✓ Colaboración coa A.N.P.A. na realización das actividades que nos propoñan.
- ✓ Promoverase a participación do alumnado naquelas actividades organizadas por outros centros e entidades que poidan servir para desenvolver a competencia lingüística no uso do galego por parte dos nenos e nenas.
- ✓ Promoverase a visita ao centro dos avós e avoas, de personaxes famosos do Concello (escritores/as, deportistas, pintores/as,...)
- ✓ Realización de exposicións para o coñecemento da nosa cultura.
- ✓ Promover pequenas rutas de sendeirismo preto do colexio.
- ✓ Fomentar a participación nos concursos literarios organizados polas distintas institucións.

## **6. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON DOMINE NINGUNHA DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS**

No caso da chegada de alumnado que non domine ningunha das dúas linguas oficiais aplicarase o procedemento establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A continuación reproducécese o artigo concreto onde se especifica a actuación a seguir:

#### **Artigo 68. Grupos de adquisición de linguas**

*1. Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos de alumnado de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado. 2. O alumnado indicado no punto anterior poderá formar parte dun grupo de adquisición de linguas un tempo máximo dun trimestre e o servizo territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período. En todo caso, antes de rematar o prazo para o cal fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.*

*3. O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición de linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.*

*4. O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de cinco períodos lectivos semanais no derradeiro curso da educación infantil; dez, no primeiro ciclo da educación primaria; vinte, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria; e vinte e catro, na educación secundaria obrigatoria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.*

*5. O profesorado encargado dos grupos de adquisición de linguas na educación secundaria obrigatoria pertencerá, preferentemente, ás especialidades de carácter lingüístico e deberá contar con dispoñibilidade horaria. En educación primaria e en educación infantil, de ser o caso, encargárase calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.*

*6. A avaliación das aprendizaxes específicas no grupo de adquisición de linguas será continua, realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nel. Non obstante, as sesións de avaliación realizaranse segundo o procedemento xeral que prevé a normativa de cada etapa, e poderá asistir a esas sesións, con voz e sen voto, o profesorado que realizou a intervención específica nese grupo.*

*7. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado que asista a un grupo de adquisición de linguas serán informadas polo profesorado titor sobre o seu progreso nas aprendizaxes específicas de tipo lingüístico, así como no relativo á súa inclusión no centro docente.*

8. Para constituír un grupo de adquisición de linguas será necesaria a solicitude da dirección do centro docente ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente, achegando a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo do profesorado titor.
- b) Relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso.
- c) Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- d) Acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais.
- e) Especificación do período de tempo para o cal se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o cal se propón.
- f) Programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo de adquisición de linguas.

9. Compete ao servizo territorial de Inspección Educativa a autorización do grupo de adquisición de linguas segundo o modelo que figura no anexo X desta orde.

## **7. AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico. Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso.

A avaliación deste proxecto será continua.

A fin de curso elaborárase unha memoria reflexiva que permita recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos que será preciso modificar (retirar, concretar, ampliar ...) de cara o futuro.

O seguimento continuado plan terá lugar nas diferentes sesión de coordinación do grupo que se celebren ao longo do curso.

Como criterios de avaliación consideraranse os seguintes:

- ✓ Adecuación do proxecto lingüístico de centro ás necesidades reais dos destinatarios.
- ✓ Adecuación das actividades programadas.
- ✓ Adecuación dos recursos e materiais empregados.
- ✓ Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.

## **8. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

### **8.1 HUMANOS**

Todo o profesorado do centro. Colaboración con:

- ANPA.
- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello de Mos
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega.

### **8.2.MATERIAIS**

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...
- Bibliotecas de aula.

- Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de primaria e E. Infantil.
- Aula de informática con ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital e tablets.
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Taboleiro de anuncios.

Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura.

## **MEMORIA CURSO 2021-22**

### ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA.
  - 2.1. Actividades
  - 2.2. Consecución dos obxectivos. Cambios realizados.
  - 2.3. Actuacións de mellora.

# 1. INTRODUCCIÓN.

Durante este curso escolar ,segundo o protocolo COVID, traballouse de xeito sistemático e continuado para promover, incrementar e consolidar o uso do galego como lingua habitual de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente ...).

A nosa estratexia apoíouse nas posibilidades didácticas que ofrece o propio contorno do Concello e, mesmo, do resto da comarca; e a nosa actuación baseouse na explotación didáctica das diferentes festas, celebracións e conmemoracións escolares (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras galegas) e, como non, en calquera situación comunicativa dos nosos tempos como pode ser o uso do correo electrónico, blog da biblioteca e de dinamización, o blog de infantil, páxina web do centro, páxina web do proxecto, traballo escolar con ordenadores.

Tamén se usou a lingua como vehículo para a realización das diferentes actividades doutros equipos, e como uso e goce dos alumnos e alumnas para plasmar as súas inxerencias literarias ( presentación dos actos, carteis, murais,...).

Neste curso corresponde revisar o Proxecto de dinamización da Lingua galega e fomento do galego., en base ao Decreto 79/ 2010, do 20 de maio.

## 2. MEMORIA DESCRIPTIVA E GRÁFICA.

### 2.1. Actividades

**SAMAÍN:** decoramos os corredores do colexio, fixemos unha exposición de cabazas decoradas polos/as nenos/as coa colaboración dos seus pais.

**MAGOSTO:** o 12 de novembro celebramos o magosto. Os alumnos participaron na actividade de Xogos tradicionais organizado polo equipo de actividades. Logo degustaron castañas.

**NADAL:** Decorouse o corredor do colexio con árbores de Nadal (cada neno/a trouxo un adorno feito na súa casa ) Fixemos talleres: os de Infantil xogos tradicionais e os de Primaria adornos de Nadal con boliñas. A ANPA colaborou, como en anos anteriores, coa visita dos reis magos e fíxose unha chocolatada, no comedor do colexio.

**ENTROIDO E ORDES DO MECO:**

Fíxose un taller de pintura de máscaras de entroido e degustárose a nivel clase doces típicos do Entroido, desfile de disfraces , feitos con material de refugallo, e déronse as ordes do Meco. O equipo elaborou e publicou as ordes que nesta ocasión estiveron relacionadas co PDI do curso (Axenda 2030) e que foron pictografiadas por membros do equipo SAAC.

**SEMANA CULTURAL DAS LETRAS GALEGAS:** A semana cultural celebrouse do 7 ao 16 de maio. O homenaxeado este ano, Florencio Delgado,foise traballando dende días antes, expoñendo información e carteis nos corredores do centro

As actividades realizáronse a nivel de clase , por mor da situación COVID.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega enviou material didáctico e actividades a os titores para traballar segundo o seu interese.

Elaborouse unha biografía simplificada que foi ilustrada polas aulas de todo o colexio e foi exposta no corredor de primaria.

Esta biografía do homenaxeado foi así mesmo pictografiada por membros do equipo SAAC.

Adquiríronse diferentes materiais bibliográficos sobre o Florencio Delgado que foron postos á disposición do profesorado e do alumnado e que pasan a formar parte dos fondos da Biblioteca Escolar do centro.

Elaboráronse xogos cos poemas do autor e foron postos a disposición das aulas para gozar con eles durante o mes de Maio.

Finalmente creáronse acrósticos a partir do nome do autor e foron expostos nos corredores e na Biblioteca Escolar.

**AXENDA 2030:** Elaborouse unha axenda xigante en formato papel para rexistrar todas as actividades realizadas polas aulas ao redor do ODS que son o eixe que vertebra o noxo PDI de centro no curso que rematou.

**CLUBE DE LECTURA EN LINGUA GALEGA:** Ao longo de todo o curso leváronse a cabo sesións de club de lectura co alumnado de 6º. As lecturas escollidas nesta ocasión foron as seguintes

“**A señorita Bubble**” da escritora galega Leticia Costas e “**A evolución de Calpurnia Tate**” da escritora Jacqueline Kelly. En ambos libros a protagonista é unha personaxe feminina disposta a romper os esquemas e estereotipos que aínda persisten sobre as mulleres.

Para esta actividade contouse coa colaboración do Equipo de Biblioteca Escolar.

**MOCHILA VIAXEIRA:** incluíuse material en lingua galega.

**BLOG DE DINAMIZACIÓN:** <http://mestremartineznormalizacion.blogspot.com>



## **2.2. Consecución dos obxectivos. Cambios realizados.**

Ao longo do curso tivéronse en conta os obxectivos propostos no proxecto. A valoración en canto a consecución deles é moi positiva dado o pouco uso que o galego ten nesta zona educativa:

-Empregouse o galego en rótulos, impresos pedagóxicos e administrativos e todo tipo de documentos de uso cotián.

-Fomentamos o uso do galego nas relacións interpersoais de profesores e alumnos. Este obxectivo é un dos máis custosos de conseguir polo que ten que seguir sendo prioritario para esta zona educativa fomentando o seu uso cotián na fala ao mesmo nivel que o castelán e non restrinxir o seu uso ao ámbito educativo ou familiar; adquirindo así unha competencia lingüística similar nas dúas linguas.

-Acadouse unha progresiva normativización do uso da lingua no centro co apoio e asesoramento do equipo.

-A participación da comunidade educativa nas actividades propostas ao longo do curso foi moi alta.

-Existiu unha boa coordinación entre todos os equipos do centro, de maneira que, houbo participación de todos en practicamente todas as actividades.

## **2.3. CONSIDERACIÓNS CARA O VINDEIRO CURSO 2022-2023**

Seguiremos facendo a reunión a principio de curso, para establecer o tema central e a programación a tratar durante o curso, así o Equipo de Dinamización propondrá as actividades a traballar e a organización entre os membros do Equipo para levalas a cabo.

Deste xeito as propostas de mellora para o vindeiro curso serán :

- Propoñer un día da semana para falar soamente en Galego.
- Propoñer un libro-forum : un día a semana na hora de lectura ler libros en galego
- Facer un día de poesía en galego
- Facer unha campaña publicitaria con carteis pegados por todo o colexio fomentando o uso do galego

- “Dígocho eu”,traballar as actividades que facilita o programa da TVG.
- Fomentar o uso da lingua en colaboración coa biblioteca.
- Traer autores galegos ao colexio por medio das editoriais e pódense mercar os libros para traballar na aula.
- Fomentar a presenza real e cotiá da lingua galega
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais, e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galega.

MOS XUÑO 2022